

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0211	Destrezas sociais	2022/2023	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSARIO IGLESIAS GRANJA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psico- sociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

O módulo profesional de Destrezas sociais contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as habilidades sociais necesarias para desenvolver unha profesión de axuda e interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás características destas e ao contexto. Trátase dun módulo nomeadamente procedimental e actitudinal, en que se dá resposta ás seguintes funcións:

1. de intervención ou execución que abrangue a recollida de información acerca das habilidades sociais que se posúen e das que se carece, a organización da actuación e a previsión de continxencias, o establecemento, de ser o caso, de axudas técnicas para a comunicación, e a posta en práctica das habilidades sociais adquiridas
2. de avaliación da competencia social do persoal profesional, tanto no relativo ás relacións interpersoais como para a dinamización de grupos ou a participación neles desempeñando diversos papeis. Refírese ao control e o seguimento da propia evolución na adquisición da competencia social necesaria para se relacionar axeitadamente coas demais persoas no desempeño das súas funcións.
3. de xestión de conflitos que fai referencia á posta en marcha de todos os mecanismos dispoñibles para a súa solución e supón mediación e negociación

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais p), q), s), u), w) e z) do ciclo formativo, e as competencias n), ñ, p), r), t) e v).

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. As ocupacións e os postos de traballo salientados, son os seguintes:

- Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/ora.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsábel de pranta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/ora familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/ora de teleasistencia.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o aumento de persoas maiores na nosa comunidade e a diminución de coidadoras informais, faría previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observaba nos últimos anos vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria tamén unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

A presente programación concreta e adapta o currículo do módulo ao contorno socioeconómico e características do alumnado do ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do IES Marco do Camballón.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	COMUNICACIÓN, HABILIDADES SOCIAIS E INTELIXENCIA EMOCIONAL	Comunicación e Habilidades sociais: Elementos da comunicación e técnicas para unha comunicación eficaz así como os compoñentes da habilidades sociais e a súa práctica	44	31
2	TÉCNICAS DE GRUPO E TRABALLO EN EQUIPO	O grupo e a súa dinámica: Estudo dos grupos sociais e a interacción que se produce entre os seus membros, así como dinámicas e técnicas para desenvolver o traballo en equipo.	40	27
3	XESTIÓN DE CONFLICTOS	Abordaxe do conflito como parte do traballo profesional e e estratexias para unha xestión axeitada.	33	22
4	AVALIACIÓN DA COMPETENCIA SOCIAL	Avaliación dos procesos de grupo de da propia competencia social en clave de mellora	30	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	COMUNICACIÓN, HABILIDADES SOCIAIS E INTELIXENCIA EMOCIONAL	44

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbíronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.3 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.4 Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.

4.1.e) Contidos

Contidos
Habilidades sociais e conceptos afíns.
Intelixencia emocional: educación emocional; emocións e sentimentos.
Importancia das habilidades sociais no exercicio profesional.
Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal. Estilos de comunicación. Papel da comunicación nas relacións interpersoais. Estratexias para unha comunicación eficaz.
Valoración comunicativa de contexto. Elementos facilitadores e obstáculos na comunicación
Valoración da importancia das actitudes e das habilidades sociais e comunicativas na relación de axuda.
Mecanismos de defensa e comunicación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	TÉCNICAS DE GRUPO E TRABALLO EN EQUIPO	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Análizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.6 Identificáronse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Definiuse a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

4.2.e) Contidos

Contidos
O grupo: tipos e características; desenvolvemento grupal.
0Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Interpretación da estrutura e procesos de grupo.
Papeis e tipoloxías das persoas integrantes do grupo.
Técnicas de dinamización de grupos.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
Comunicación nos grupos: principais barreiras.
Equipos de traballo: organización e reparto de tarefas; traballo individual e en grupo.
Aplicación de estratexias de traballo cooperativo.
A confianza no grupo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	XESTIÓN DE CONFLITOS	33

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminouuse entre datos e opinións.

4.3.e) Contidos

Contidos
O conflito nas relacións interpersoais: causas.
Aplicación das estratexias de resolución de conflitos.
Proceso de toma de decisións.
Xestión de conflitos: negociación e mediación.
Valoración do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	AVALIACIÓN DA COMPETENCIA SOCIAL	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.2 Rexístrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexístráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.5 Identifícanse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.
CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.

4.4.e) Contidos

Contidos
Rexistro e interpretación de datos da competencia social.
Indicadores da competencia social.
Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.
Análise e proceso de formación inicial e ao longo da vida do persoal profesional do traballo social.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para superar o módulo o alumnado terá que superar todos aqueles criterios de avaliación establecidos como mínimos exigibles nesta programación, que aparecen indicados en cada unha das unidades didácticas.

A cualificación trimestral será a resultante da media ponderada das notas acadadas en cada unidade didáctica avaliada nese trimestre, que á súa vez estará determinada polas porcentaxe (en función do seu peso), asignadas aos criterios de avaliación. Unha unidade considérase superada cando se superen os mínimos exigibles e a cualificación global da mesma sexa de 5 ou máis de 5.

A cualificación trimestral será numérica, entre 1 e 10 sen decimais. Consideraranse como aprobadas as puntuacións iguais ou superiores a 5, sempre e cando se superen positivamente aqueles criterios de avaliación establecidos como mínimos exigibles.

En canto á cualificación final, para aprobar o módulo deberán superarse todas as unidades didácticas que o compoñen, e por tanto, todos os CAs considerados mínimos exigibles. A cualificación final do módulo será a media ponderada da nota obtida en cada unidade didáctica, tendo en conta a peso que cada unidade ten no conxunto do módulo.

A cualificación reflectida no boletín do primeiro trimestre será o resultado da media ponderada das notas acadadas en cada unidade didáctica avaliada nese trimestre. A cualificación reflectida no boletín do segundo trimestre será igual á cualificación final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha das unidades didácticas ou CA nun trimestre, poderá recuperalo/a no período establecido para tal fin, a través dun exame ou da realización de traballos en función da natureza dos CA non adquiridos.

As actividades de recuperación para o alumnado que non aprobe este módulo, consistirán na presentación de traballos individuais onde se reflectan os coñecementos demandados, e na realización de varias probas escritas e orais, (dependendo da natureza dos Cas non superados). Así mesmo poderase realizar unha proba final onde se comprobará a adquisición dos resultados de aprendizaxe do presente módulo.

As actividades de recuperación previstas, concretaranse para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados.

O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas que implica o dereito á avaliación continua será do 10% da duración total do módulo. O alumnado que perda o dereito á avaliación continua poderá seguir asistindo á clase, salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente, e terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final. Esta proba poderá incluír probas escritas teórico-prácticas, entrega de traballos, e/ou exposición de tarefas. Para aprobar o módulo será condición imprescindible obter como mínimo un 5 en todos os CAs obxecto de recuperación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento e a avaliación da programación do módulo de Destrezas Sociais será realizada pola profesora do Módulo. Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma.

Dado o carácter formativo da avaliación, a programación do módulo será avaliada e correxida de xeito continuo, de forma que permita a súa

modificación ao mesmo tempo que se leva á práctica.

Mensualmente farase constar nas actas do departamento a valoración do seguimento da programación, que se realiza na aplicación informática de programación.

No momento que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo, comprobarase a eficacia e validez desta proposta curricular, propoñendo as medidas de mellora que repercutirán na programación do vindeiro curso.

Para a elaboración desta programación partíuse dunha avaliación inicial e tívose en conta a información previa e as características do alumnado ao que vai dirixida, o centro, o currículo do ciclo, o calendario escolar para este curso, os recursos e medios dispoñibles.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación,...

As conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

Na avaliación da práctica docente terase en conta a valoración feita polo propio alumnado e polo resto do profesorado do ciclo, así como a propia autoavaliación.

O alumnado terá a oportunidade de avaliar tamén a función docente nos aspectos metodolóxicos referentes ao desenvolvemento dos contidos, así como nos aspectos organizativos relacionados coa dinámica de clase. Para isto poderán empregarse diversas técnicas de avaliación, como pode ser o cuestionario e/ou unha lista de cotexo, e tamén terase en conta a información obtida na "Enquisa de satisfacción do labor docente", pertencente ao sistema de xestión de calidade. A lista de cotexo consistirá nunha serie de ítems con resposta Si/Non que reflectan o grao de cumprimento da programación e a práctica docente.

Os ítems da lista de cotexo para avaliar o seguimento da programación e a práctica docente son os seguintes:

O tempo adicado ás actividades foi axeitado

O número de actividades prantexadas ao alumnado foi suficiente

Os materiais empregados axustáronse aos contidos

Os materiais foron motivadores

Utilizáronse as TICs no desenvolvemento das actividades

As tarefas prantexadas foron acordes co explicado

As probas de avaliación axustáronse aos CAs establecidos

A maioría do alumnado acadou un bo resultado nas probas realizadas

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para ter unha idea das características do alumnado e poder así axustar a proposta educativa, metodoloxía e actividades concretas, ao grupo. Para ilo recollerase aos poucos días de comezar o curso unha ficha na que se anotarán os datos persoais e familiares permitindo coñecer a súa procedencia, se viven lonxe das súas casas e/ou das súas familias ou se teñen que viaxar para vir a clase, e coñecer tamén as súas características persoais (nivel de madurez, motivacións, nivel de estudos,...) familiares e socioculturais. Na enquisa tamén recollerase información sobre o acceso ao ciclo, se repiten curso e módulos superados, sobre os hábitos de estudo, sobre as súas afeccións, preferencias e inquiredanzas, sobre as súas expectativas profesionais ou se están a realizar agora mesmo algún traballo. En calquera caso, unha vez detectada alguna necesidade educativa específica a profesora porá en marcha as oportunas medidas de atención á diversidade.

Asemade, ao inicio de cada unidade didáctica, a base de preguntas abertas realizadas pola profesora ao grupo clase, através da análise de casos, mediante a lectura dun texto e/ou artigos de prensa ou outros medios, avaliaráanse os conceptos, intereses, valeiros de coñecementos e as ideas preconcebidas do alumnado sobre as diferentes temáticas a tratar.

Deste modo poderanse introducir os coñecementos novos de maneira congruente e significativa, motivándolles a aprender a aprender e axudándolles a que a aprendizaxe sexa realista e funcional e lles sirva para aplicalo a seu futuro traballo

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se ben é certo que aquí imos contemplar medidas de atención á diversidade xerais dirixidas a todo o alumnado, non podemos esquecer que segundo a lexislación vixente enténdese que na formación profesional pode existir alumnado que precise unha atención máis específica derivada de situacións de discapacidade ou trastornos de conduta. Para estes casos, a lexislación contempla a flexibilización modular de ciclos formativos, que consiste na autorización para que o alumnado poida cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos cunha temporalización distinta da habitual.

De forma xeral na materia de Destrezas Sociais implantaranse conforme ás necesidades detectadas nos alumnos/as medidas tanto curriculares como organizativas. Destacamos algunhas das que se levarán a cabo de xeito ordinario:

- Adaptación no proceso de ensino-aprendizaxe aos ritmos e tempos individuais.
 - Planificar actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Ter en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
 - Crear un clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
 - Métodos alternativos de ensino-aprendizaxe.
 - Maior tempo para a consecución dos obxectivos.
 - Diseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
 - Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades capacidades potenciais do alumnado.
 - Materiais adaptados ás súas necesidades.
 - Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos.
- Como MEDIDAS DE REFORZO no caso de alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados, o docente desenvolverá diferentes medidas de reforzo educativo que poden consistir en lecturas complementarias, titorías individualizadas e grupais, realización de probas teórico-prácticas con redución de contidos, e calquera outra actividade que, adaptada ás necesidades do alumnado poidan ser necesarias para acadar ditos obxectivos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de destrezas sociais é en si mesmo un módulo que aborda como parte do seu contido os temas transversais, por este motivo, os temas transversais forman parte dos contidos que se traballan como parte da materia. No entanto, convén matizar que para o desenvolvemento do alumnado é interesante incidir máis nos seguintes temas transversais:

- Educación para a igualdade: tendo en conta que se trata dun ciclo feminizado e non exento de estereotipos vinculados ao xénero para determinar uns xeitos característicos de conduta. Nes-te sentido convén traballar a defensa dos seus dereitos laborais, a revalorización do seu traballo como educadoras, a asunción de roles sociais e a súa repercusión no futuro traballo, ou mesmo desenvolver a súa capacidade de produción de materiais e coñecemento baseado na experiencia pero a miúdo desvalorizado por elas mesmas e pola comunidade científica.
- Educación para a paz: concretamente o traballo debería basearse no desenvolvemento de actividades que incidiran na resolución de conflitos de maneira non violenta. É un aspecto que ten que ver coa metodoloxía que imos empregar. Trátase de articular propostas metodolóxicas que favorezan un xeito distinto de resolver as dificultades. Para isto faranse propostas de traballo en grupos cooperativos nos que dalgunha maneira teñan que negociar, mediar e co-ordinarse para poder desenvolver un traballo conxuntamente.

- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos,...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao tratarse éste dun módulo transversal, en todas actividades programadas polo departamento para o segundo curso do CM de Atención a persoas en situación de dependencia o alumnado poderá relacionar e poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas no módulo, como a escoita activa nas charlas e ou visitas a centros, a empatía, o autocontrol, as habilidades relacionadas coa exposición pública...

Poderán engadirse as actividades que se consideren oportunas para o bo desenvolvemento do módulo.

10. Outros apartados

10.1) Contribución ao Plan Lector

O propósito de contribuír ao desenvolvemento do Plan Lector do centro é garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas e cara á súa formación integral como cidadáns e tento favorecer así a adquisición e mellora da competencia comunicación lingüística. Dende o módulo as colaboracións concretas ao plan son: adquirir material bibliográfico (de considerarse preciso), facer suxestións de referencias bibliográficas, adicar un tempo ao inicio das sesións (segundo o establecido a nivel de centro) para ler textos que o propio alumnado selecciona, realizar dinámicas de fomento da lectura...